

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de delegar polo Pleno as competencias en materia de contratación á Xunta de Goberno Local aos efectos de axilizar a tramitación dos respectivos expedientes.»
Data	19 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria accidental	MARIA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZA O VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ



76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE FEBREIRO DE 2018

Dada conta da acta correspondente á sesión ordinaria do 1 de febreiro de 2018, pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para pedir que se inclúa ao inicio a petición realizada para que se contemple o voto telemático, mediante a copia literal do escrito presentado no seu día por correo electrónico á Sra. Secretaria municipal:

“Cuestión de orden: O grupo socialista pide que conste en acta que se está a incumprir a Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de 2007. A convocatoria das sesións plenarias do Concello non admiten participación a distancia (así se recolle en ditas convocatorias), motivo polo que se está a vulnerar o dereito das concelleiras da corporación a desfrutar, de ser o caso, da baixa por maternidade. Coñecedores da lexislación aplicable, pedimos se recolla en acta o seguinte: A Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece o principio de igualdade efectiva. O órgano lexislador estableceu en dita lei un mandato ao goberno sobre "Medidas para posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo" e determinou que a partir da entrada en vigor da mentada lei de igualdade o Goberno debería promover o acordo necesario para iniciar o proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo. En virtude da mencionada Lei Orgánica de igualdade o Congreso dos Deputados, Senado e Parlamentos

Concello da Estrada



autonómicos, posibilitaron diferentes medidas que fan posible compatibilizar os permisos de maternidade ou paternidade, embarazo e baixa por enfermidade grave. Sen embargo, a pesar do tempo transcorrido respecto ás Entidade Locais o Goberno non ten cumprido o mandato, a Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local non foi modificada para posibilitar a compatibilidade entre o exercizo das funcións públicas representativa dos concelleiros/as e o dereito que teñen de ser nais e pais e desfrutar do período de baixa, para os supostos legalmente establecidos de maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave. En consecuencia co exposto, resulta necesaria a modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local posibilitando o voto telemático dos concelleiros/as nas sesións do Pleno dos Concellos nos supostos de baixa por maternidade, paternidade, embarazo ou por enfermidade grave.”

Por outra banda, entende que aquí non se da conta da acta, senón que se somete a súa aprobación.

Pide a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para mostrar a súa desconformidade coa redacción da súa intervención no punto relativo á Ordenanza de Normalización Lingüística, xa que se da a entender que está en contra de que se redacte a Ordenanza, cando o que dixo é que non se alegraba de que se tivera quen redactar este tipo de documentos por ter unha lingua normativizada e non normalizada, pero entende e apoia a redacción e aprobación da Ordenanza.

O **Sr. Alcalde** di que se toma en conta esta aclaración.

Tendo en conta o anterior, apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 1 de febreiro de 2018, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 480/2018. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE INSTALACIÓNS E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE A ESTRADA, EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS NÚMEROS 428/2017 E 462/2017 DITADAS POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

O **Sr. Alcalde** explica que se da conta de sendas Sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que obrigan á modificación en diversos puntos a Ordenanza reguladora de instalacións e funcionamento das estruturas radioeléctricas de telecomunicacións do Concello de A Estrada, sendo necesario, a celebración da correspondente Comisión Informativa para proceder á elaboración ou modificación da actual Ordenanza, aprobación polo Pleno e posterior publicación no BOP de Pontevedra.



Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que lle gustaría que esa Comisión Informativa para falar desta Ordenanza se convocase o antes posible, xa que hai aportacións para melloralas.

ANTE O ANTERIOR ENTÉNDESE QUE A PROPOSTA INICIAL QUEDA MODIFICADA, NON PROCEDENDO Á PUBLICACIÓN DA ORDENANZA ACTUAL COAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS POLAS SENTENZAS DO TSX, ATA QUE SEXA REDACTADA UNHA NOVA ORDENANZA, POLO QUE SE PROCEDE A DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS:

Vista a Sentenza 428/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (CON/AD SEC.1 002, dos de A Coruña), recaída no Procedemento Ordinario nº 4060/2014, cuxo FALLO se transcribe literalmente de seguido:

“... ”

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha cecidido ESTIMAR PARCIALMENTE el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Procurador D. José Martín Guimaraens Martínez, en nombre y representación de Telefónica Móviles España, S.A.; contra la Ordenanza municipal para la instalación y funcionamiento de las estructuras radioeléctricas de telecomunicaciones del Concello de A Estrada, publicada en el BOP de Pontevedra de 16 de diciembre de 2013; y ANULAMOS el artículo 18.1 y la Disposición Transitoria Primera 1.3

Sin condena en costas.

“... ”

Vista a Sentenza 462/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (CONT/AD SEC 2 dos de A Coruña), recaída no Procedemento Ordinario nº 4054/2014, cuxo FALLO se transcribe literalmente de seguido:

“... ”

En atención a lo expuesto, la Sala ha decidido ESTIMAR EN PARTE el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación legal de la mercantil VODAFONE ESPAÑA, S.A. contra la Ordenanza Municipal para la instalación y funcionamiento de infraestructuras radioeléctricas de telecomunicaciones del municipio de A Estrada aprobada inicialmente por acuerdo plenario del Ayuntamiento de A ESTRADA de fecha 5 de septiembre de 2013.

ANULAMOS, por ser contrarios a derecho, el artículo 6.1 apartados A) y B); artículo 20.3; apartado 1.3 de la Disposición Transitoria Primera, así como los artículos 18, 19 y 20 de la Ordenanza; sin hacer especial condena en costas.

“... ”

A Corporación en Pleno queda sabedora das Sentenzas anteriormente transcritas, procedendo, en execución dos FALLOS das nomeadas Sentenzas, á modificación da Ordenanza reguladora de instalacións e funcionamento das estruturas radioeléctricas de telecomunicacións do Concello de A Estrada,



suprimindo do seu texto:

- Apartado 1 do artigo 6
- Artigos 18, 19 e 20
- Apartado 1.3 da Disposición Transitoria Primeira

Expediente 630/2018. PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen di que se trae aquí a delegación na Xunta de Goberno Local das atribucións das competencias propias do Pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministrados, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamentos, e en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada. Di que esta facultade ven recollida no artigo 22.4 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local .

Continúa dicindo que considera que esta delegación é conveniente para axilizar e acortar os trámites e os prazos das contratacións, sobre todo en relación cos da EDUSI, aclarando que esta delegación está recollida e avalada pola normativa e non vai en contra do principio de transparencia, non afectando tampouco ás contratacións nin ás adxudicacións. Aclara, así mesmo, que aínda que sexa a Xunta de Goberno Local a que asuma a adopción destes acordos, non quere dicir que non sexan sometidos previamente a ditame da Comisión Informativa que corresponda en cada caso e, deste xeito, todos os grupos políticos da oposición terán coñecemento de todas as contratacións que se pretender aprobar, sen esquecer, que por iniciativa do grupo de goberno, os partidos da oposición forman parte das mesas de contratación, polo que a súa participación queda garantida.

Pide a palabra a voceira do partido socialista, **Dña. Belén Louzao**, para dicir que o seu grupo está radicalmente en contra desta proposta, por considerar que non é certo que os procesos de contratación vaian a ser totalmente transparentes, xa que observa que se está dando opacidade ás contratacións, e porque non considera que se vaia a axilizar nada, porque van a someterse á Comisión Informativa e despois á Xunta de Goberno Local, órgano, este último, formado so por membros do partido político do grupo de goberno, polo que a única diferenza que existe é que non vai a existir debate público, eliminando a participación dos demais concelleiros que representan aos/ás estradenses.

Por outra banda, di que arguméntase que seguirán habendo mesas de contratacións, pero é algo que a lei obriga e non é unha concesión do grupo de goberno. Di que o que intenta o

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



grupo de goberno é furtar a capacidade de decisión sobre si un gasto se vai a acometer ou non e, despois adoptada esa decisión, tomaría un acordo en solitario, de maneira opaca e eliminando o dereito de debate público.

Polo manifestado, a Sra. Louzao traslada a desconformidade do seu grupo político con esta proposta de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, sendo varias as razóns, a primeira por estarse a falar de contratos cuns orzamentos moi importantes (por superar o 10% do Orzamento municipal), e segundo porque se tratan de contratacións tan importantes que non deberían aprobarse de xeito unilateral e en solitario polo grupo de goberno, rozando a opacidade.

Finalmente, pide que, polo ben da cidadanía estradense, o grupo de goberno considere a súa opinión e non proceda a aprobar a delegación de competencias que se pretende neste punto, de todas formas o seu grupo político votará en contra.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para manifestar que está en contra da aprobación desta proposta de delegación de competencias do Pleno a favor da Xunta de Goberno Local, por considerar que esta medida rebaixa as funcións do Pleno como órgano fiscalizador e de control do goberno municipal, ademais considera que se trata dunha medida innecesaria, sobre todo cando o grupo de goberno xa ten maioría absoluta, o que se traduce nunha manifestación de desprezo aos grupos da oposición evitando o debate plenario no tema das contratacións. Polo tanto, considera esta medida como un atranco para que o Pleno poida levar a cabo a súa función de control e fiscalización, supoñendo un recorte na democracia municipal, ademais de ir en contra do principio de transparencia e, sobre todo, non axuda a tomar as medidas adecuadas para actuar en contra do fraude, do favoritismo e da corrupción.

Así mesmo, a Sra. Blanco di que o feito de que os concelleiros da oposición formen parte das mesas de contratación por iniciativa do grupo de goberno, é mentira, xa que si isto é así é porque o estipula a nova lei de contratos que vai a entrar en vigor no próximo mes de marzo e baixo a recomendación da Sra. Secretaria.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para trasladar que votará en contra desta proposta de delegación de competencias, por considerar que se lle está impedindo aos/ás veciños/as da Estrada, así como aos medios de comunicación, o escoitar as distintas posicións de todas as forzas políticas con representación municipal e que explican as razóns polas que se chegan ou non a acordos en materia de gastos; por iso considera que esta decisión vai en contra da democracia.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para aclarar que esta proposta intenta axilizar os trámites e os prazos nos expedientes de contratación, non sendo outra a razón, de feito é unha medida recomendada polos propios departamentos municipais de Intervención e Secretaría, porque se cada vez que haxa que aprobar un expediente de contratación ou adoptar calquera decisión con respecto ao mesmo hai que levalo ao Pleno, provocaría unha demora no tempo. Polo tanto, di que esta medida afectará, posiblemente, a dous proxectos nada máis, á contratación do Servizo de Axuda no Fogar (cun orzamento de aprox. 2.400,00 €) e ao proxecto dos Xardíns municipais, aclarando que se dará cumprida resposta e toda a información aos demais partidos



políticos a través das Comisións Informativas e das Mesas de Contratación, sendo a única diferenza que o órgano facultado para a adopción de acordos en materia de contratación é a Xunta de Goberno Local para así axilizar os trámites e cumprir cos prazos legais establecidos. Continúa dicindo que, salvo as dúas contratacións mencionadas, o grupo de goberno non ten intención e continuar exercendo esta delegación.

O Sr. Alcalde traslada aos concelleiros da oposición que terán en todo momento acceso a toda a información sobre os expedientes de contratación, comprometéndose a darlle conta en todo momento sobre a tramitación destes dous contratos en concreto.

Dirixíndose á Sra. Mar Blanco, di que é verdade que a nova Lei de Contratos fala da participación dos concelleiros da oposición nas mesas de contratación, pero acláralle que aínda non entrou en vigor e, sen embargo, dende o pasado mes de outubro están participando nelas, e isto é así por decisión do grupo de goberno, lembrándolle que a moitas desas mesas ela non asistiu, ao igual que o concelleiro do BNG, polo tanto, se demandan transparencia e participación, pois participen, porque o acordo que vai a tomar a Xunta de Goberno Local será aquel que propoña a mesa de contratación. Aclara que a transparencia en tema de contratación non está precisamente no acordo que se adopta na Xunta de Goberno Local, senón en todos os trámites anteriores, trámites nos que estarán presentes todos os membros da corporación.

O Sr. Xosé Magariños, aclara que en ningún momento puxo en dúbida a transparencia dos procesos de contratación. Por outra banda non sabe o por que dixo o Sr. Alcalde que o BNG non participa nas mesas de contratación, dicindo que, entre outras cuestións, non participa porque se trata dun mero trámite administrativo, xa que, se non están presentes na elaboración dos pregos, entón non ve a necesidade de estar na mesa de contratación; isto non quere dicir que poña en dúbida a labor dos funcionarios que redactan os pregos.

Aclara, así mesmo, que o que dixo na súa anterior intervención é que non estaba a favor desta proposta de delegación porque así se eliminaba o debate e a posibilidade de que os cidadáns oíran as opinións de cada partido político nos procedementos de contratación que se someteran ao Pleno.

O Sr. Alcalde lle di que se refería a cando dicía que os procedementos de contratación se vían viciados nas mesas de contratación, cando en realidade el non participaba nestas mesas. En canto a redacción dos pregos, di que tampouco o grupo de goberno participa na súa elaboración, xa que se trata dun traballo que lle corresponde aos funcionarios correspondentes e ao abeiro da lei aplicable, polo que non entende onde está a falta de transparencia, sobre todo cando despois nas mesas de contratación están presentes representantes de todos os partidos políticos que forman a corporación e a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo proposto pola mesa de contratación, así que é responsabilidade de cada concelleiro asistir ou non ás mesas de contratación.

Reitera o Sr. Magariños que as mesas de contratación son un mero trámite de cumprimento dos pregos redactados polos funcionarios, polo que non ve necesario participar nelas.



O **Sr. Alcalde** lle responde que entón debería de presentar un escrito manifestando que non quere asistir ás nomeadas mesas, para así non ser convocado, ao igual que fixo cos contratos da EDUSI

Intervén o **Sr. Magariños** sen activar o micrófono, polo que non se interpreta o manifestado.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do PP e en contra do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 07/02/2018.

Visto o informe emitido pola Sra. Secretaría accidental o 07/02/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 12/02/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións das competencias propias do Pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamentos, e en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada (Disposición adicional segunda, apartado 2, TRLCSP).

Segundo.- Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local conterán referencia expresa a esta delegación.

Terceiro.- Comunicar este acordo ao persoal ao servizo deste Concello para o seu coñecementos e demais efectos, facéndolles constar que, salvo nos supostos de urxencia, con carácter previo á súa inclusión no orde do día, os asuntos que deban someterse á Xunta de Goberno Local como consecuencia desta delegación, terán que ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa competente por razón da materia, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal apróbase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto.- Publicar o correspondente anuncio do acordo de delegación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal apróbase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen prexuízo de que a delegación de atribucións surta efecto dende o día seguinte á adopción



do acordo plenario.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2018 (ambos os dous incluídos), dende o nº 2018-1 ao nº 2018-115 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte e unha horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233